

un novo elemento de irritación pública na arrepiada pel da xente.

Coidado cos curas vermellos

Os bispos arxentinos, que sempre estiveron máis perto dos ricos que dos pobres, máis ligados aos opresores que aos oprimidos, non puideron ocultar a súa preocupación pola grave situación sócio-económica que vive o país, aínda que empregando unha linguaxe suavizante como para non ferir aos poderosos. Pero tamén hai curas que non teñen pelos na lingua e falan descarnadamente da realidade como o facían durante a ditadura. É o caso do monseñor Jorge Novak, bispo da diocese de Quilmes, un dos centros máis populosos do gran Buenos Aires e onde os marxidados son o fiel reflexo da Arxentina pobre e triste. Abondou que Novak denunciase a insensibilidade das medidas económicas do goberno para que mesmísimo portavoz do presidente Menem o rotulase elípticamente de comunista, ao resaltar que os puntos de vista do bispo eran coincidentes cos do secretario xeral do Partido Comunista arxentino. Monseñor Novak viveu unha experiencia da que soía falar o bispo brasileiro Helder Camara: "Se dou de comer a un famento, seguro que a xente ponderará o meu espírito humano e solidario, pero se pergunto por que ese home ten fame, diránme que son comunista".

A ciclotimia política

Os tempos políticos na Arxentina levan sempre a velocidade dun raio. Son aluviós que arrastan todo o que atopan ao seu paso. Pero é tan fértil esta terra, que despois das máis furiosas ventarradas todo volve xermolar. Até os cadáveres políticos poden porse en pé emerxendo de entre as súas propias cinzas, coma o Ave Fénix. Hai seis meses ou un pouco máis, os arxentinos amolábanse cos discursos de Alfonsín. Até os seus máis fieis seguidores bocexaban coa súa palabra. Ou sentían vergoña allea ao escoitalo. A *vedette* daquela era Carlos Menem, por eses días convertido no Mesías que baixaba dos ceus para transformar o inferno nun Paraíso. Todo o mundo festexáballo canto dicía e canto facía, incluídas as súas incursións deportivas con ar de circo romano. Pero como os arxentinos ingresan moi facilmente na ciclotimia política, a onda pode cambiar de rumbo e sepultar ao máis encumiado. Apenas seis meses despois de ter asumido, a Menem estalle pasando o que lle ocorreu a Alfonsín: a súa palabra está perdendo creto e a súa popularidade cai coma o valor do Austral. O grave é que este proceso de deterioro prodúcese ao comezo da súa xestión, cando se supón que o consenso debe estar nos seus máximos niveis. Tan rápido foi o desgaste de Menem, que unha das das máis altas xerarquias da igrexa católica —o bispo Justo Laguna, presidente da Pastoral Social— pediulle publicamente que deixase de falar por un tempo. A inesperada admonición de Laguna produciuse despois dunha sucesión de anuncios contraditórios de parte do presidente, que criaron meirande incertidume dentro da poboación. O episodio, que sorprendeu a todos, incorporouse rapidamente ao comentario da rua e a xente traduciu na máis pura linguaxe popular: "O crego ten razón, non hai que dicir tantas *boludeces*".

Pacto social, para que?

O desgaste de Menem permite agora a Alfonsín reaparecer na cena política nacional con renovados azos, coma se o seu alonxamento do goberno non se tivese producido hai seis meses senón no século pasado. Pero a ciclotimia política da que falabamos permitiulle ao ex-mandatario presentarse outravolta en sociedade. A semana pasada foi convocado polo ministro do Interior no marco dun intento oficial para conciliar un acercamento entre o peronismo e o radicalismo, os dous partidos maioritarios que xuntos reúnen máis do oitenta por cento dos votos. O clima de descontento que se vive permitiulle a Alfonsín ler na propia Casa de Goberno un documento sobre a realidade nacional na que abundaron as recomendacións ao goberno de Menem. Alfonsín falaba coma se de suposto os arxentinos tivesen quedado envoltos nun estado de amnésia total. Incluso se atreveu a expor as súas propias recetas no campo económico e militar, xustamente onde as súas políticas concentraron os seus maiores fracasos.

'O PRESIDENTE DA PASTORAL SOCIAL, BISPO JUSTO LAGUNA, PEDIULLE PUBLICAMENTE A MENEM QUE DEIXASE DE FALAR POR UN TEMPO. EN LINGUAXE POPULAR TRADUCIUNO A XENTE: O CURA TEN RAZÓN. NON HAI QUE DICER TANTAS BOLUDECES'

Pero a profundidade da crise está inducendo a peronistas e radicais a procurar un acordo global, un pacto social que se constitua nun reaseguro para a endeble democracia arxentina. É difícil establecer se se trata dun acordo entre as cúpulas para manter os lazos de dependencia coas minorías do privilexio ou se dunha boa vez se deciden a atender o interese das maiorías, que é o interese do propio país. Aínda que aos conservadores lles produce alérxia este tipo de planteamentos, os dirixentes políticos arxentinos deberían prestar atención ás reflexións que James Petras fixo acerca da encrucillada arxentina: "Como estar sempre culpando á débeda externa polas actuacións das burguesías nativas vencelladas cos partidos políticos? En primeira instancia hai que romper eses nós, desbotar a estes axentes que funcionan coma actores nestes circuitos mundiais, criar un modelo económico que funcione con novos axentes que controlen os investimentos, que fiscalicen e impidan que a maioría dos capitais, ingresos e utilidades vaian a Estados Unidos". Hai dez días, ante os correspondentes de prensa extranxeira, Menem reiterou as bondades do plan económico que está aplicando o seu goberno. O presidente encolleuse de ombreiros cando lle sinalaron a crecente caída da súa popularidade. "Tenme sen coidado, eu non son actor de cine senón un político". A resposta é realmente preocupante porque os gobernantes que non teñen consenso popular só poden sustentarse na forza e ese recurso non é compatíbel cun sistema de liberdades. □



'Meu fillo diciame que debía ter a cabeza sempre alta, cando lle falaba do dura que fora a miña vida ao chegar a Arxentina'

Carme Cornes, emigrante e nai dun desaparecido

A historia de Carme Cornes Piñeiro podía ser a de calquer outra persoa emigrante: a obriga de marchar, a reinstalación noutra terra, os problemas engadidos á súa condición de muller, ... pero ademais Carme Cornes, con máis de setenta e cinco anos é o exemplo vivo da integración nun país con todas as consecuencias. O seu fillo tivo que exiliarse despois do golpe militar encabezado por Videla, e a propia Carme estivo dous anos no cárcere. O fillo regresou de Perú para ver á nai e pasou a ingresar a nómina dramática dos desaparecidos. Carme, cando está en Buenos Aires, forma parte do grupo de nais que dan voltas á estatua central da Praza de Maio en permanente denuncia e reclamo dos seus fillos. Enfronte á Casa Rosada, a sede do goberno, a presenza das Nais é a permanente denuncia dun xenocidio que levou á morte a toda unha xeración de arxentinos. Con ela outras nais galegas xiran na praça en denuncia permanente.

Con Carme falámos sentados nun banco da Praza, e lembranos a peripécia da súa chegada á Arxentina: "cheguei o ano 28. Meu pai viñera de Cuba a Galiza despois de dez anos de emigración. Nós somos de Sisán, no concello de Ribadumia. Papá morreu nun accidente no monte e eu era a maior con dezaseis anos. Meu pai pedira cartas para arranxar a casa e tiñamos unha débeda que pagar, e o dilema era marchar eu ou miña nai. Viñen para pagar a débeda e a pasaxe, que nolo facilitara un viciño, e vas quedando un ano e outro e outro, sofrendo e sofrendo... e o máis triste é que non vin máis a miña

nai".

Lembra a saída desde Vilagarcía "nun barco da "Mala Real Inglesa" que se chamaba *Chiado*. Cheguei a Buenos Aires e na casa onde me colocaron nen me daban de comer e aos poucos días puxen un anuncio e coloquime nunha fábrica de fundición de bronce, con dezaseis anos. Daquela había moito traballo e ali botei cinco anos traballando desde as seis da mañá até a unha da madrugada. Había vinte homes, todos polacos agás o fundidor, Próspero, que era asturiano e máis eu. Aquilo era insalubre e eu, que era a única muller, ás veces tiña que cociñar para os vinte homes e servirles o almuerzo ás seis da mañá. Dormíamos na mesma fábrica, traballábamos todos os días, incluídos os Sábados e Domingos e se estabas enferma botábante, non tiñas nengun tipo de seguridade. A débeda era de 800 pesos arxentinos máis 300 da pasaxe e eu gañaba 70 pesos ao mes, e sempre mandaba cartas para casa".

Despois de cinco anos na fábrica, traballando todos os días sen descanso, Carme colocouse como empregada doméstica na casa dun médico, con tres horas libres os domingos alternos. "Os emigrantes sufrimos moitísimo: nen permiso che daban se tiñas que ir ao médico. Nesa época explotábanos moito aos emigrantes. Diciase aquilo de "Mentres veñan os gallegos non necesitamos burros". E os que explotaban á xente eran moitas veces outros emigrantes que chegaran antes".

"Anos despois eu puxen un negocio de comidas e poden mercar un pequeno terreo pero nunca xuntei cartos para poder vir para acá. A primeira vez, desde o ano 28, foi hai tres anos. Eu tiña un irmán en Galicia que o deixei cando tiña nove anos, e non o vin en máis de sesenta anos e claro, é unha relación moi distinta. Hai moita xente que chora por ir e non pode. Eu inteireime da morte da miña nai por carta, coa guerra pasei oito anos sen saber nada, e transcorreron moitas semanas até que souben que morrera. Pero non fun eu só a que sofrou aquí".

Carme coméntanos tamén os

problemas que tiña, engadidos, por ser muller. "Daquela había moita *trata de brancas*, e ofrecían traballo de mucama. Tiñas que servirle "ao neno" da casa e se non querías estar con el botábante. E cando falaban do neno era un mozo de vinte anos... e non cabían protestas. Pasámolo moi mal".

"Lembro que empecei a politizarme na época da guerra. Daquela ían moitos voluntarios a apoiar á República, e nós íamos despedidos ao porto. Ían-seme abrindo os ollos e comprendendo doutra maneira o que sucedía".

"Eu casei no ano 1949, só tiven un fillo, pois co esforzo do traballo perdin outros dous. Sempre o eduquei coa idea de que as cousas había que dicilas tal como eran. Miguel Angel, que era como se chamaba, sempre soubo por que eu tiven que vir aquí, en que condicións traballei todo... e el diciame "ti tes que levantar a cabeza ben alta e non baixala nunca". El adorábame e todo o mundo me dicía que herdara a miña forma de ver a vida. Estudou Filosofía e Letras e estaba empregado nun banco. Pero non só falo do meu fillo, todos os mozos que querían cambiar as cousas eran así, xenerosos, e eles son os que están desaparecidos porque sabían que non os ían enganar."

"El non estaba na guerrilla, porque tiña un problema de saúde desde pequeno pero estaba metido en política, non o mataron por nada. A min metéronme no cárcere antes do golpe do 76 por ter na casa á nai dunha rapaza guerrilleira que estaba desaparecida. E leváronme presa case dous anos. Eu dicíalle que tiña na casa non á nai dunha guerrilleira, senón unha nai, sen máis adxectivos. Viñeron a buscarme a casa dez uniformados, rompéronme todo, foi terríbel..."

Carme Cornes quer viaxar agora a Galiza, pero os cartos que poda xuntar un día poden non ser nada ao seguinte. Como calquer habitante arxentino ten que manexarse coa inflación, coa depreciación da moeda, co cambio do dólar, e seguir con entusiasmo, aos seus setenta e seis anos, participando en todas as actividades das Nais de Maio. □